

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2010.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D^a. Ana María Abad López

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Excusa a súa asistencia:

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día quince de novembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE DATAS 20 DE SETEMBRO DE 2010 E 11 DE OUTUBRO DE 2010.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador das actas plenarias de data 20 de setembro e 11 de outubro de 2010.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador das actas das sesións plenarias de data 20 de setembro e 11 de outubro de 2010.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE AS MODIFICACIÓNS NA IDENTIFICACIÓN, REXISTRO E CONTROL DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE AS MODIFICACIÓNS NA IDENTIFICACIÓN, REXISTRO E CONTROL DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

Nas últimas semanas, a Consellaría do Medio Rural anunciou unha serie de cambios no que respecta ao sistema de identificación e rexistro do gando bovino.

Nestes momentos, a maioría das identificacións estíbese facendo a través de persoal veterinario que acudían ás explotacións para lle poñer o crotal aos animais e ao mesmo tempo, para daren de alta os distintos movementos que se producían nestas explotacións como o nacemento, compra - venda ou morte dun animal.

A presenza de persoal veterinario nas explotacións, en xeral, facilítalles moito o labor aos gandeiros e ás gandeiras, pois colaboran para anotar correctamente no libro de explotacións e favorecen un control e seguimento moito máis rigoroso e axeitado, cuestións de suma importancia, dado que moitas das axudas europeas están directamente vinculadas á correcta identificación dos produtos.

Segundo os anuncios de responsábeis da Xunta de Galiza, os cambios implicarían o despedimento do persoal veterinario encargado deste labor e suporían a supresión da visita do mesmo ás explotacións (só se achegarían a estas, no futuro, para facer inspeccións) quedando a identificación, rexistro e anotacións dos animais no libro de explotación, unicamente a cargo dos gandeiros e das gandeiras, que deberían pasar a recoller as chapas na Oficina Agraria Comarcal e, por tanto, limitando o asesoramento e o seguimento directo por parte da administración en todo este proceso. De se confirmaren estes cambios, a maioría das xestións administrativas terían que facelas os gandeiros e as gandeiras a través dunha “Oficina Agraria Virtual” da Xunta, vía internet ou no seu caso telefonicamente.

Esta medida pode supor problemas para moitos gandeiros e gandeiras, pois a maioría das explotacións non poden dispoñer de acceso a internet, situación que lles obrigaría a trasladarse á Oficina Comarcal para uns trámites ou chamar a un teléfono da Xunta para outros, aumentando deste xeito, o custe e o tempo de atención á explotación, e en boa medida, os propios custos da tramitación.

Pero, ademais, as modificacións que se propoñen van influír no sistema de control da sanidade animal. O sistema actual está recoñecido por todos os axentes do sector como unha das mellores garantías da sanidade animal e en consecuencia de seguridade da cadea alimentaria humana. Hai que ter en conta que o 90 % dos animais comisados nos matadoiros proveñen de comunidades nas que non existe o sistema de control de identificación e que calquera situación de dúbida podería provocar o afundimento do mercado de carne.

A iniciativa vai no camiño de debilitar o sistema de seguimento e control público da sanidade animal, introducindo neste campo a xestión de entidades privadas, e que tan serias repercusións tivo e pode ter para a calidade da nosa cabana gandeira e en definitiva para garantir a calidade, trazabilidade e sanidade da carne que entra na cadea alimentaria.

A maiores, previamente á implantación de calquera medida que obligue aos gandeiros e gandeiras a utilizar unha Oficina Agraria Virtual para poder relacionarse oficialmente coa Administración galega, existe desta que dote do servizo de internet con cobertura efectiva e real a todas as explotacións do noso medio rural.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

- *Demandar da Xunta de Galiza o mantemento do sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras coas garantías e nas condicións nas que se vén desenvolvendo este servizo público.*

Polo Sr. Alcalde, contestase que dende a Delegación de Agricultura xa se tomaron as medidas oportunas para poñer en coñecemento de tódolos gandeiros de Xove o novo sistema de identificación, rexistro e control que sen dúbida vai ser moito máis axil e eficaz que o anterior, concretamente, manifesta o Sr. Alcalde que o vindeiro día 25 terá lugar unha xuntanza con técnicos da Consellería de Agricultura, á que están convocados todos os gandeiros de Xove.

Engade o Sr. Alcalde que as obrigas en materia de identificación animal das especies bovina, ovina e cabrúa, definidas respectivamente no Real Decreto 1980/1998 e no Real Decreto 947/2005, determinaron na última década a implantación en Galicia dun sistema organizativo garantista que, tomando en consideración as peculiaridades da estrutura pecuaria galega, se sustentou na

colaboración de facultativos veterinarios autorizados a tal fin, conseguindo deste xeito un alto grao de eficacia, aínda que cun custe económico moi elevado, próximo aos 5 millóns anuais de euros.

A evolución da gandería galega nos últimos anos, caracterizada por unha forte redución no número de explotacións e un incremento dos censos medios por explotación, xunto co desenvolvemento das novas tecnoloxías da información, permiten a formulación de novos sistemas organizativos da identificación bovina, ovina e cabrúa, capaces de manter as ratios de eficacia actuais cuns niveis de eficiencia máis acaídos.

A posta en función da Oficina agraria virtual (OAV) representa un importante activo na interacción entre a administración e as persoas administradas. Este instrumento, en combinación co servizo de atención telefónica á cidadanía que ofrece a Xunta de Galicia, serve de vehículo na optimización do sistema de identificación bovina, ovina e cabrúa, que deste xeito, e sen prexuízo de que se poidan realizar a totalidade das xestións na Oficina Agraria Comarcal correspondente, se planea sobre tres alternativas principais:

1ª) As persoas interesadas recollen nas oficinas agrarias comarcais un número de crotóns auriculares calculado en función dos nacementos esperados na súa explotación durante un período de tempo determinado. A medida que se producen os nacementos, o propio gandeiro ou gandeira aplica os crotóns e comunica os datos do animal mailo número de identificación a través da Oficina agraria virtual. No caso do gando bovino, de xeito automático, a aplicación informática xerará a impresión do documento de identificación (DIB) que se remitirá por correo ao gandeiro/a.

2ª) A mesma opción coa particularidade de que a comunicación dos datos do animal identificado se produce coa mediación do teléfono 012.

3ª) A persoa titular da explotación vincula voluntariamente a súa explotación cunha entidade identificadora recoñecida, ben directamente na Oficina agraria virtual, ben a través do teléfono 012. Neste caso, as entidades recoñecidas actúan como depositarias dos crotóns dos gandeiros cos que teñen un vínculo e, tralo nacemento dun animal, acoden á explotación correspondente a implantar o crotón, para posteriormente declarar o nacemento na Oficina agraria virtual, que no caso do gando bovino xerará un DIB a remitir por correo ordinario á persoa titular da explotación.

A conxunción ordenada das tres canles permite ofrecer un dispositivo eficaz e eficiente que cobre a totalidade do territorio de Galicia. Unha vez que os dispositivos tecnolóxicos se atopan operativos, compre regular a figura das entidades identificadoras recoñecidas. A tal fin, o vindeiro mes de outubro está prevista a publicación do decreto polo que se regulan as entidades identificadoras recoñecidas para a prestación de servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún e o seu rexistro oficial.

Completados os instrumentos básicos producirase a presentación oficial da OAV e procederase á divulgación das súas posibilidades, incluídas as de identificación dos animais. Namentres, a Consellería do Medio Rural está a traballar coa Oficina co obxecto de ir pulindo as posibles deficiencias de aplicación que se produzan.

O acordo quen propón o BNG no punto 3º podería ter algún sentido se houbera a obriga de comunicarse a través de internet e de utilizar a Oficina Agraria Virtual, pero os plans da Consellería contemplan outras opcións (teléfono 012 ou entidade identificadora recoñecida).

Polas razóns expostas o Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai votar en contra da aprobación da Moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que no novo sistema suporá unha diminución do control sanitario das reses e das explotacións gandeiras; engadindo que a única xustificación da supresión do antigo sistema é a de aforrar cartos.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o seu grupo vai votar en contra da aprobación da moción por considerar que os gandeiros, hoxe en día teñen preparación e coñecementos suficientes para aplicar sen ningún problema o novo sistema; sinalando igualmente que non parece moi razoable que un veterinario teña que desprazarse a unha explotación gandeira, e o gandeiro pagar a correspondente taxa, simplemente para poñer un crotal á res.

O Sr. Ben Fernández manifesta que vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o labor dos veterinarios supónse que consiste en algo máis que poñer crotais.

Rematado o debate o Concello Pleno, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Abad López, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza votan a favor da aprobación da moción do epígrafe.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA DEMANDAR ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN PARA DEMANDAR ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe moita preocupación entre a cidadanía pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo unha deterioración dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera, incluso en atención primaria; nun incremento da derivación a centros privados concertados; no peche dos hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente na ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e, en parte, motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

Cremos que estamos ante un momento importante para o noso concello, na que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deben estar á altura do que os veciños e veciñas demandan e traballar conxuntamente para que no noso concello se poida dispor e acceder a servizos da sanidade públicos de calidade.

Non se pode nin se deben admitir os intolerábeis niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios que se están a producir. Os concellos da Área de Saúde á que pertencemos, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo o exposto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

SEGUNDO. Exixir que, de forma inmediata, se dote dos recursos necesarios o centro de saúde do concello para evitar listas de espera .

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermaría e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

QUINTO. Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.
SEXTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO. Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

OITAVO. Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galiza (SPI).

NOVENO. Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

DÉCIMO. Trasladar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse lectura ao seguinte escrito de contestación:

Realmente o BNG municipal (seguramente ao dictado do BNG autonómico) fai unha exposición de motivos que reflicte moi ben a situación de deterioro acadada na sanidade pública tras 4 anos de xestión dun goberno PSOE-BNG na Xunta de Galicia, e mesmo parece esquecerse da parte de responsabilidade que lle toca desa nefasta xestión.

Foi durante ese goberno cando se deron por primeira vez na nosa CCAA listas de espera en atención primaria, cando máis se incrementaron as listas de espera nos nosos hospitais, a pesar de que 71.224 pacientes non estaban rexistrados na lista de espera oficial, e mesmo cando máis gasto en “peonadas” se fixo e cando máis concertos se acadaron cos centros privados (así no informe de Consello de Contas de 2007 se reflicte que durante o goberno bipartito se incrementou dun xeito constante a concertación con centros privados; así pasouse nos últimos anos de entre o 8 e o 11% de

crecemento anual a un 44% no ano 2008. Sen embargo, entre 2008 e 2009 a partida de concertación con centros privados minorouse en case 1 millón de euros).

Un goberno que se caracterizou polo despilfarro e gastos, como todos os cidadáns chegamos a coñecer, e por unha política social e sanitaria de “fume” e grandes promesas e alardes publicitarios, baleiras de contido e de medidas concretas para mellorar a calidade de vida e as prestacións sanitarias dos cidadáns.

A cidadanía soubo castigar nas urnas esas políticas, depositando por ampla maioría a súa confianza nun goberno do PP na Xunta de Galicia, que en pouco máis dun ano xa ten claramente definidos os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación que debe acometer o Servizo Galego de Saúde nos vindeiros anos para acadar a transformación do sistema de saúde e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns e que asegure a continuidade asistencial, (Estratexia Sergas 2014) e xa ten tomado as primeiras medidas para mellorar a calidade asistencial.

O compromiso da Consellería de Sanidade coa mellora continua da sanidade pública vese reflectido no feito de que se están a blindar os investimentos en materia social e sanitaria para o vindeiro ano 2011, adicando, pese a crise económica e ao recorte de máis do 10% dos recursos orzamentarios da Xunta, 3 de cada 4 euros das contas públicas a gasto social.

Respecto do punto 1º compre dicir que existe un procedemento de cobertura das ausencias de persoal sanitario pactado cos representantes dos traballadores (todas as forzas sindicais), que ten presente a dispoñibilidade actual de profesionais nos mercado (de todos é coñecida a dificultade de encontrar persoal nalgunhas especialidades), e tamén a dispoñibilidade dos traballadores do sistema para realizar prolongacións de xornada e substitucións dos seus compañeiros.

En dito procedemento, no caso dos facultativos, dáse prioridade á substitución, en caso de non haber dispoñible ningún sustituto, propónse cobertura da ausencia a través dunha prolongación de xornada, e finalmente se tampouco existe ningún disposto a prolongar, optase por intersubstitución (repartir a axenda do ausente entre os demais compañeiros)

Respecto do punto 2º compre salientar as melloras previstas pola Consellería tanto en Atención Primaria como no Hospital da Costa en infraestruturas e persoal, non obstante poderíase instar á Consellería a que dentro do prazo máis breve posible aumente a dotación destinada ao Centro de Saúde de Xove e ó Hospital da Costa.

Respecto do punto 3º e necesario sinalar tremendamente demagóxico esta proposta ao proceder de grupos políticos que, non só mantiveron a política de concertación cos hospitais privados, senón que a incrementaron cando tiveron a responsabilidade de goberno.

A utilización pública de todos os recursos sanitarios galegos de calidade dispoñibles, constitúe sen dúbida actualmente a mellor fórmula que pode permitir dar unha resposta máis eficiente a demanda sanitaria existente.

Por outra banda, o actual goberno do PP da Xunta de Galicia ten dado claros exemplos de austeridade e de control do gasto público neste primeiro ano de lexislatura.

A Consellería de Sanidade non é allea a estas medidas e ten posto en marcha unha política sanitaria de control do gasto farmacéutico a través da promoción e incentivación da prescrición de xenéricos, mesmo sensibilizando a poboación a través dos medios de comunicación da importancia do aforro que supón esta medida. A implantación deste catálogo priorizado de medicamentos permitirá un aforro de 120 millóns €/ano. Galicia estaba en 2009 á cola de España en prescrición de xenéricos

cun 8%. Nun ano aumentouse ao 15% e segue medrando. Só esta medida permitiu un aforro de 3,1 millóns de euros. Mentras comunidades como Cataluña, Andalucía, Baleares ou Castela A Mancha teñen serios problemas para dar os servizos e pagar as súas facturas mensualmente, Galicia está xestionando a súa sanidade con responsabilidade e rigor para continuar ofrecendo unha sanidade pública de calidade.

En relación con punto 4º basta sinalar que o Plano de Mellora da Atención Primaria de Galicia, para o período 2007-2011 pretende facilitarlles aos nosos médicos de Atención Primaria, mellores ferramentas para poder aumentar a súa capacidade de diagnose e de manexo de determinadas patoloxías prevalentes no noso entorno. Neste sentido, a incorporación da historia clínica informática e a receta electrónica nas consultas de Atención Primaria, (que alcanza xa na actualidade a máis do 90% da poboación galega) permitiu por unha banda unha importante mellora dos tempos de consulta nas axendas dos médicos de familia, que sen dubida conlevan nunha mellora da calidade da atención sanitaria, e por outro lado supuxo tamén unha importante mellora do proceso de obtención da medicación sobre todo para os pacientes crónicos.

O punto 5º non é asumible porque a Consellería de Sanidade ten posto en marcha medidas para reducir de xeito moi significativo os tempos de demora das listas de espera de ciruxía, das que puntualmente da conta na súa páxina web e no Parlamento.

Os datos de evolución da espera media en prioridade 1 (pacientes con patoloxía grave de risco vital), é de 21 días a 30 de setembro de 2010. É dicir, 33,3 días menos que en 2008 (cando a espera dos pacientes máis graves se situaba en 54,3 días de media); e 26,3 días menos que en 2009. Galicia cumpre por primeira vez na súa historia coa obrigación legal de atender a estes pacientes antes de 30 días.

Tamén mellorou este ano o tempo medio de espera cirúrxica na comparativa entre 2008 e 2010, tanto en setembro como en xuño. Así, a 30 de setembro de 2010 espéranse dous días menos en ciruxía con respecto do ano 2008, e case tres días menos de media para unha primeira consulta, se comparamos 2008 e 2010.

Convén sinalar que no que vai de ano 2010 realizáronse máis de 74.224 intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria, o que supón un incremento superior ao 9% con respecto do mesmo período que o ano anterior. Malia este incremento da actividade, e tamén un incremento da poboación con tarxeta sanitaria, no entorno dos 12.000 pacientes/ano, o Servizo Galego de Saúde reduciu o seu tempo medio de espera.

Recentemente puxo en marcha programas especiais e/ou Consultas de Alta Resolución para reducir as demoras das consultas para o especialista para aqueles casos donde o Médico de Atención Primaria sospeita patoloxías graves: sospeita de tumores de pulmón, próstata, estómago ou colon-rectal. En cuestión dun máximo de 15 días, un paciente pode ser diagnosticado e iniciado o tratamento dunha destas patoloxías, unha vez introducido nestes programas especiais.

Por outra banda ampliouse a lista de probas diagnósticas que poden ser solicitadas dende as consultas de Atención Primaria sen necesidade de acudir o especialista (Resonancia Magnética Nuclear, colonoscopia, gastroscopia, ...), co aforro de recursos e de tempo que conleva dita medida.

O punto 6º sería aceptado previo recoñecemento do tremendo esforzo que o Goberno galego de PP está a facer para garantir o mantemento dos orzamentos en materia socio-sanitaria, os recursos son limitados e resultan insuficientes e sempre mellorables, polo que en relación con este punto sería convinte que se incorporara a seguinte emenda: “Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno

Central que se teñan en conta as particulares características da nosa poboación galega (envellecemento poboacional progresivo, dispersión xeográfica) á hora do financiamento da nosa CCAA en materia socio-sanitaria, e se nos dote dos recursos necesarios para garantir unha asistencia de calidade”.

En relación co punto 7º, tendo en conta o compromiso da Consellería de Sanidade coa sanidade pública na súa misión de mellorar a saúde dos cidadáns garantindo os seus dereitos e a mellora continua da atención sanitaria está fora de toda sospeita. Non só constitúe un dos principais valores do equipo directivo do PP, senón que se ve plasmado en feitos:

- A aceleración da construción e mellora de centros sanitarios públicos é xa unha realidade na nosa Comunidade co goberno do PP na Xunta de Galicia a través do seu Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias,
- A blindaxe dos orzamentos en materia de socio-sanitaria para o ano 20011 constitúe a mellor garantía para manter os compromisos cos nosos cidadáns.

Debemos apoiar o Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias da Consellería de Sanidade, que non só as mellora, senón que as converte en máis sostibles e máis eficientes; e debemos apoiar que se utilicen as fórmulas que se estimen máis áxiles sempre que garantan en todo momento o carácter público dos investimentos, cunha xestión pública ao 100%, e a máxima calidade asistencial para os nosos veciños.

Polo tanto, propónse a seguinte emenda: “Apoiar o Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias e a que se utilicen as fórmulas que se estimen máis áxiles sempre e cando se garanta o carácter e xestión pública destes investimentos e a máxima calidade asistencial para os nosos veciños.”

O punto 8º non é asumible xa que a utilización de novas fórmulas de xestión (finanzamento por pago aprazado, etc.) estanse a utilizar en tódolos ámbitos da xestión pública, tratándose dunha opción independente das cores políticas, que se ven aplicando en moitos países do noso entorno (Suecia, Alemaña ou Irlanda), e mesmo en España polo Goberno Central do PSOE e en Comunidades Autónomas como Asturias, Baleares, Cataluña ou Castela- A Mancha. Esta fórmula consiste en que a construción do edificio financíase a través dunha ou varias empresas a cambio de ser estas, posteriormente, adxudicatarias dos servizos complementarios ou non sanitarios do centro (limpeza, cociña, cafetería, etc.) durante un período de tempo suficiente para poder amortizar a inversión (modelo concesional).

Estase de acordo, como xa se manifestou, en utilizar as fórmulas que se estimen máis áxiles para poñer a disposición canto antes da cidadanía os mellores recursos sanitarios, e que garanten en todo momento unha xestión pública ao 100% e a máxima calidade asistencial e dos servizos para os nosos veciños, e rexéitanse os discursos “privatizadores” alarmistas e catastrofistas cargados de demagogia (estase en contra destes modelos de xestión donde se é oposición, e aplicamos estes mesmos modelos donde/cando toca gobernar).

Tampouco é asumible o Punto 9º porque o grupo municipal do PP non pode apoiar as actuacións de organizacións que non só rexeitan o modelo sanitario de xestión da Consellería de Sanidade do goberno do PP da Xunta de Galicia, senón que o seu interese parece responder máis ben a intereses partidistas que á mellora e desenvolvemento da asistencia sanitaria de todos os galegos.

Está meridianamente claro que quen máis aposta pola sanidade pública son aqueles que día a día a fan posible, e non son outros que os profesionais e o conxunto de traballadores que esforzándose en prestar un bo servizo dignifican a nosa sanidade, coidan da nosa saúde e rexeitan as actitudes que conducen ao desprestixio da mesma, tales coma as que amosan unha visión catastrofista e negativa do noso sistema de saúde. Estas actitudes sen dúbida contribúen ben pouco a mellora e desenvolvemento da nosa sanidade.

Por último compre salientar que o Punto 10º tal e como está redactado amosa o fin que perseguen os redactores desta moción. Non lles interesa a mellora do Servizo de Atención Primaria, nin as listas de espera, nin as infraestruturas..., para elo bastaría con que se lle dese traslado á Consellería de Sanidade; o que realmente buscan ao solicitar que se lle dea “a máxima difusión posible cos medios dispoñibles do concello” é a propaganda e se nela se pode empregar a demagogia moito mellor.

Polas razóns expostas o Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai votar en contra da aprobación da Moción do epígrafe agás que o voceiro do BNG acepte as enmendas e retire os puntos antes relacionados.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non acepta en absoluto a proposta do Sr. Alcalde, mantendo a integridade da moción presentada.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o seu grupo vai votar en contra da aprobación do epígrafe.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que o seu grupo vai votar a favor da moción presentada, xa que con independencia dos argumentos reflectidos, tanto na moción como no escrito de contestación lido polo Sr. Alcalde, o que resulta incontestable e así o manifestan a maioría dos usuarios do sistema público de saúde, e que a atención sanitaria ofrecida polo SERGAS cada vez é peor.

Rematado o debate o Concello Pleno, cos votos dos Sres. *Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Abad López, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage* acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza votan a favor da aprobación da moción do epígrafe.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA O MANTEMENTO DO NOITEBUS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DO NOITEBUS

O PP, a través da Xunta de Galiza, vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como Noitebus. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a sinistralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir.

É lamentábel, á par que unha irresponsabilidade, escoitar do Presidente do Goberno Galego que “este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas”, cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que “este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademais

de contribuíu a eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura”. Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno do PP de “desastre”, para engadir que “sempre é máis barato previr que lamentar”.

O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola Xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno do PP está a facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

Polo Sr. Alcalde contestase que a implantación do servizo Noitebús foi posible grazas á aprobación do Decreto 80/2005, de 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer, que cubría o baleiro normativo existente relativo a este tipo de autorizacións. Polo tanto, a orixe deste servizo está nun Goberno Popular.

Este Decreto segue a estar vixente, polo que as empresas de transporte poderán seguir prestando este servizo, especialmente nas rutas cun elevado índice de usuarios e o custo do billete podería rebaixarse coa colaboración de asociacións e empresas de hostalería, que son as principais beneficiarias do servizo, e mesmo coa achega dos propios usuarios.

Nestes momentos a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a facer a análise correspondente co obxectivo de tomar unha decisión acerca do mantemento do programa Noitebús ou, en calquera caso, do número de liñas que se van deixar de subvencionar.

A situación económica actual non permite que a Xunta de Galicia poida seguir financiando este servizo tal e como está concibido, que ademais de estar sobredimensionado, con case 200 rutas (194, exactamente), contaba con varias rutas cunha media de viaxeiros case nula.

As diferentes convocatorias destes últimos anos poñen de manifesto que existen moitos servizos cun escaso número de usuarios e, en consecuencia, o seu mantemento supón un esforzo económico que ten rendibilidade social moi pequena.

É necesario mellorar a eficacia do diñeiro que se emprega neste tipo de programas, tendo en conta, ademais que non resulta lóxico nin comprensible que a Xunta estea a subvencionar servizos nocturnos para desprazar aos xoves a lugares “de marcha” en zonas, especialmente no rural, nas que pola mañá non existe transporte público para que os cidadáns poidan cubrir necesidades de mobilidade tan básicas como acudir ao médico ou ao traballo.

Debe terse moi presente que a Xunta, en todo caso, non elimina os servizos do Noitebús, senón as subvencións a eses servizos. Un servizos que poderán seguir ofrecéndose por parte das empresas de transporte interesadas, ben a través da oferta de que dispoñen, ou a través dos servizos que poidan contratar asociacións de hostalería para dirixir a clientela cara aos seus negocios.

Non hai ningunha comunidade española que manteña unha oferta tan ampla deste tipo de rutas. Segundo os datos dispoñibles, a única que se aproxima é Madrid onde este servizo conta só con 38 rutas (apenas un 20% das que ten Galicia). En Cataluña hai unicamente 16 (menos do 10% das que ten Galicia, e todas elas na área metropolitana de Barcelona). En Aragón, está xestionado a través dos concellos, e outras comunidades, como Castilla y León, non contan con este servizo.

Por último, nos vindeiros orzamentos a Xunta vai apostar, na medida do posible, polo transporte interurbano e moi especialmente o metropolitano, un transporte que vai favorecer a mobilidade de máis de un millón oitocentas mil de persoas e desconxestionará as urbes metropolitanas; tamén se tratará de potenciar o transporte escolar e impulsar novas rutas aéreas para facer máis competitivos os aeroportos de Galicia.

Á vista do anterior non cabe aceptar a Moción do BNG nos termos que se formula, xa que iso suporía perpetuar un servizo que nuns tempos como os que corren debe ser, cando menos, obxecto dunha profunda análise sobre a conveniencia de que sexan subvencionados.

Como alternativa pode ofrecerse a posibilidade de presentar unha emenda substitutoria no senso de que se estuden as posibilidades de seguir prestando o servizo dunha forma racional e sempre que as condicións e as dispoñibilidades económicas da Administración autonómica o permitan. Non hai que esquecer que este servizo tamén pode ser custeado non só pola iniciativa privada, senón tamén polos propios concellos como se fai nalgunhas comunidades e, desde logo polos propios empresarios vinculados ao ocio nocturno, como se facía hai poucos anos e aínda hoxe se pode constatar.

En consecuencia o texto que se propón como alternativo ao do BNG sería o seguinte:

“Instar á Xunta de Galicia a procurar fórmulas que fagan posible o mantemento do servizo de transporte do Noitebús, conforme á demanda real e ás posibilidades económicas derivadas do actual escenario económico.”.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non acepta a emenda proposta polo Sr. Alcalde, sinalando que falar de custes económicos en relación cun servizo cuio obxectivo é salvar vidas humanas, como se ten amplamente demostrado é absolutamente rexeitable.

Polo Sr. Alcalde contestase que tal e como se reflicte na súa intervención, ninguén está falando de suprimir o Noitebus, senón de racionalizar o actual sistema.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o seu grupo está de acordo cos argumentos do Sr. Alcalde, xa que non ten sentido ningún que cos impostos de tódolos galegos se estén pagando algúns servizos de autobús que ninguén utiliza.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai apoiar a aprobación da moción, engadindo que é necesario deixar constancia de que o Servizo de Noitebus foi posto en marcha polo goberno autonómico do Bipartito.

Rematado o debate o Concello Pleno, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura , Abad López, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza votan a favor da aprobación da moción do epígrafe.

5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA, EN RELACIÓN CO NOMEAMENTO DUN MEMBRO DA CORPORACIÓN LOCAL PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP “PEDRO CASELLES ROLLÁN”. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO o escrito remitido pola Directora do CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove , no que; en cumprimento do disposto na Disposición Adicional Primeira, parágrafo 3, do Decreto 324/1996 que modifica o art. 33 do Decreto 92/1988; interesa a designación polo pleno corporativo dun membro da Corporación Municipal para formar parte do Consello Escolar do Centro Escolar de referencia, ou, no seu caso, a ratificación do actual representante.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a ratificación de D^a. María Dolores Meitín Guerreiro, Terceira Tenente de Alcaldía e Concelleira Delegada de Educación como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do CEIP Pedro Caselles Rollán.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura , Abad López, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda aproba-la proposta transcrita e na súa consecuencia ratificar o nomeamento da Concelleira D^a María Dolores Meitin Guerreiro como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do CEIP Pedro Caselles Rollán.

Os Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza abstéñense.

6º) PROPOSTA DE ALCALDÍA, EN RELACIÓN CO NOMEAMENTO DUN MEMBRO DA CORPORACIÓN LOCAL PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR DO IES “ILLA DE SARÓN”. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO o escrito remitido pola Directora do IES “ILLA DE SARÓN, no que; en cumprimento do disposto na Disposición Adicional Primeira, parágrafo 3, do Decreto 324/1996 que modifica o art. 33 do Decreto 92/1988; interesa a designación polo pleno corporativo dun membro da Corporación Municipal para formar parte do Consello Escolar do Centro Escolar de referencia, ou, no seu caso, a ratificación do actual representante.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a ratificación de D^a. María Dolores Meitín Guerreiro, Terceira Tenente de Alcaldía e Concelleira Delegada de Educación como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do CEIP Pedro Caselles Rollán.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura , Abad López, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda aproba-la proposta transcrita e na súa consecuencia ratificar o nomeamento da Concelleira D^a María Dolores Meitin Guerreiro como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do IES “ILLA DE SARÓN.

Os Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza abstéñense.

7º) PROPOSTA DE ALCALDÍA, SOBRE OS VIAIS DE TITULARIDADE DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL NO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura íntegra da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

A rede de estradas da titularidade da Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Xove, ten unha lonxitude de 47.931 metros, distribuídos do seguinte xeito:

<i>Estrada</i>	<i>Denominación</i>	<i>Lonxitude</i>
2601	<i>De Xove ao Portiño de Morás</i>	<i>5.523 metros.</i>
2602	<i>Do Portiño de Morás ao Prado do Cura</i>	<i>4.790 metros.</i>
2603	<i>Da LU-862 en Xove, por Chao da Aldea, á de Xove ao Portiño de Morás.....</i>	<i>217 metros.</i>
2604	<i>De Xove, por Monte, a Valcarría.....</i>	<i>13.345 metros.</i>
2605	<i>Da Tronca, por Vila, a Tarolo.....</i>	<i>3.079 metros.</i>
2606	<i>De Xove a Rocha.....</i>	<i>1.587 metros.</i>
2607	<i>Do Cruceiro, por Portocelo, á de Xove ao Portiño de Morás.....</i>	<i>9.935 metros.</i>
2609	<i>De Sumoas a Toimil.....</i>	<i>2.510 metros.</i>
2601	<i>De A Vara, pola praia de Esteiro, a Area.....</i>	<i>4.405 metros.</i>
6606	<i>De Augadoce, por Faro, a Fontao.....</i>	<i>2.540 metros.</i>

Os viais relacionados pódense considerar como as arterias de comunicacións máis importantes no interior do termo municipal de Xove e nalgúns casos son o único medio de acceso rodado a importantes núcleos de poboación.

A pesar de que a rede viaria da Diputación Provincial no noso Concello non supera os 50 Km., no que vai de presente lexislatura, é dicir nos últimos 3 anos e medio, a Deputación Provincial de Lugo non so non ten realizado ningunha mellora nos viais relacionados a pesar do seu deficiente estado de conservación e a pesar das numerosas peticións por escrito realizadas desde o Concello, senón que se dedica a anula-la execución de importantes obras que xa estaban adxudicadas, tal é o caso de:

- *Vial de novo trazado desde a intersección da Urbanización Palmeiro ata a ponte do Tarolo na estrada 2604 “ De Xove, por Monte, a Valcarría “.*
- *O ensanche, acondicionamento e mellora do trazado da estrada 2602 “ Do Portiño de Morás ao Prado do Cura “, vial que sen dúbida e unha das estradas da Deputación con máis tráfico de toda a provincia de Lugo.*

A día de hoxe, o estado e situación das estradas da Deputación pódese considerar tercemundista ata o punto que, debido á súa lamentable estado de conservación a circulación por ditas estradas supón un grave problema de seguridade vial e un risco para os usuarios.

A falla absoluta de inversións da Deputación Provincial no Concello de Xove no mantemento, conservación e mellora dos seus viais, contrasta chamativamente coas cuantiosas inversións que esta a facer noutros Concellos. Neste eido resulta especialmente rexeitable, por discriminatoria e

inxusta, a importante inversión realizada pola Deputación nas obras de acondicionamento e mellora nun vial da Parroquia de Valcarría no Concello de Viveiro; obras que detivéronse xusto no límite con Xove donde comeza a estrada 2604 “ De Xove, por Monte, a Valcarría “ a pesar do pésimo estado de conservación no que se atopa este tramo.

En relación con este asunto é necesario lembrar que o Concello de Xove a través do recargo provincial do IAE é un dos Concellos que máis fondos aporta de xeito que na actualidade a diferenza entre o que Xove aporta á Deputación e o que recibe desta non ten xustificación ningunha.

Doutra banda compre salientar que a inacción absoluta, no termo municipal de Xove, do Servizo de Obras da Deputación Provincial en materia de obras é simultánea cun incremento frenético e desproporcionado da actividade dos seus servizos de inspección os cales no seu afán recaudatorio están a protagonizar actuacións inspectoras que rozan o ridículo como é o caso de parar obras consistentes en reparar os cristais dunha ventana por non ter solicitado autorización á Deputación.

Pódese afirmar que a actuación do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial no Concello de Xove ,por activa e por pasiva, amosa unha incontestable falla de respecto ao Concello e a tódolos veciños.

Polo exposto propono que o Concello Pleno adopte acordo polo que:

- *1º.- Se inste á Deputación Provincial de Lugo para que, con carácter de urxencia e por razóns de seguridade vial, acometa a execución dun plan de mellora dos 47.931 metros da súa rede de viais en Xove.*
- *As obras a executar deben te-la entidade e o rigor necesarios para acada-lo obxectivo de mellora-lo estado de conservación dos viais e incrementa-la seguridade dos usuarios non vaia a suceder o que xa ten sucedido anteriormente, por exemplo na estrada 2602 “ Do Portiño de Morás ao Prado do Cura “, que as obras executadas eran tan “ chapuceiras “ que en lugar de solucionar un problema o agravaron aínda máis.*
- *2º.- Se inste á Deputación Provincial de Lugo para que retome os 2 proxectos de inversión anulados:*
 - *Vial de novo trazado desde a intersección da Urbanización Palmeiro ata a ponte do Tarolo na estrada 2604 “ De Xove, por Monte, a Valcarría “.*
 - *O ensanche, acondicionamento e mellora do trazado da estrada 2602 “ Do Portiño de Morás ao Prado do Cura “.*
- *3º.- Dar traslado do acordo plenario que sexa adoptado ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo, ao Delegado Provincial de Vías e Obras e aos voceiros dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial. “*

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que está totalmente de acordo coa proposta transcrita, xa que o estado das estradas da Diputación no Concello de Xove é tercermundista.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG rexeita totalmente a actuación da Deputación Provincial de Lugo en materia de estradas no que se refire ó Concello de Xove, sinalando que é absolutamente certo que ditas estradas atópanse nun estado de conservación lamentable.

Non obstante, o Sr. Fernández Bouza sinala que é necesario manifestar:

- 1º) Que da actual situación tamén é responsable o Partido Popular de Lugo que gobernou na Deputación Provincial case 20 anos e tampouco acometeu as obras de mantemento e mellora necesarias.
- 2º) Que a actual situación tamén amosa unha falla absoluta de capacidade negociadora por parte do Sr. Alcalde
- 3º) Que o BNG considera necesario ademais de acondicionar a actual rede viaria, poñerse a traballar conxuntamente Concello e Diputación na execución de 2 viais que respectivamente comuniquen con Xove a zona sur e a zona norte do termino municipal coas características de trazado, ancho de vía, cunetas etc. axeitadas ó tráfico actual.

Polo Sr. Alcalde manifestase que desde que tomou posesión do cargo, leva insistindo ante o Presidente da Diputación, o Delegado Provincial de Vías e Obras, e Diputados Provinciales da Mariña, da necesidade de investir no acondicionamento e mellora dos viais da Diputación no Concello de Xove, sen que ata a data de hoxe se recibira contestación algunha.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que non entende como o BNG pode responsabilizarlle de falla de negociación, cando a realidade demostra que os representantes da Diputación Provincial nin tan siquiera contestaron ás peticións do Concello.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da proposta, pero deixando claro que o deterioro das estradas da Diputación no Concello de Xove tamén é responsabilidade e consecuencia da falla de inversións á que o Partido Popular nos máis de 20 anos que gobernou a Diputación someteu ó Concello de Xove.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta do epígrafe anteriormente transcrita.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

8º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 23/2010 DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2010 POR IMPORTE DE 41.000€, APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde explícase as causas que xustifican os implementos de consignación reflectidos no expediente de modificación do epígrafe, salientando o feito de que a totalidade do mesmo corresponde a gastos en inversións, imposibles de prever no momento de confección dos presupostos municipais, xa que derivan de diversas ordes regulamentadoras de subvencións publicadas e resoltas nos últimos días.

O Sr. Vázquez Fra manifesta estar de acordo co expediente tramitado.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase estar de acordo co expediente tramitado.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase estar de acordo co expediente tramitado.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 23/2010 do vixente orzamento, por un importe de 41.000€, sometelo ó preceptivo trámite de información pública por

prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboeiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto de non presentación de alegacións ou reclamacións no presente prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura dos rogos e preguntas que a seguir se transcriben literalmente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Novembro.

PREGUNTAS:

A piscina votou meses pechada por reformas, os usuarios que tiñan pagados eses meses por adiantado non puideron facer uso deste servizo, polo que pensamos que o Concello debería devolverlles os cartos,

Polo anterior preguntamos:

- *A) Pensa o Concello devolver o importe correspondente aos usuarios polo tempo que a piscina estivo pechada e non puideron utilizala ?*
- *B) Como e cando se facerán as devolucións?*

Dáse lectura íntegra o escrito de contestación do Sr. Alcalde que a seguir se transcribe íntegramente:

1ª.- Si, de feito nada máis remata-las obras de mellora e acondicionamento da piscina, a instancias desta Alcaldía o Encargado da Piscina con data 15 de outubro de 2010 e a Interventora Municipal con data 20 de outubro de 2010 emitiron informe sobre as alternativas posibles para proceder á devolución do abonado polo trimestre (xullo, agosto e setembro) no que as instalacións permaneceron pechadas por obras.

A cantidade a devolver é de 15 € por socio (obviamente ós abonados mensuais e os usuarios con bonos de usos non están afectados) váiselles dar dous opcións:

- Devolverlles 15 euros.
- Ou, reducirilles o abono anual de 2011 en eses 15 €, pasando de 60€ a 45€.

A cantidade total a devolver /ou descontar acada os 3.660'00 € (244 socios x 15'00€)

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo